



CONCELLO DE MUROS

BASES REGULADORAS DOS OBRADOIROS CULTURAIS DO CONCELLO DE MUROS PARA O CURSO 2026/2027

1. Datos xerais

1.1. Os obradoiros culturais nos que poden inscribirse as persoas interesadas para o curso 2026/2027 son os seguintes:

PARROQUIA/LUGAR	ACTIVIDADE
Esteiro	Arte floral, bordado, encaixe de bolillos, traballos manuais e pintura (dirixida a nenas/os)
Tal	Bordado e traballos manuais
Abelleira	Encaixe de bolillos, bordado e traballos manuais
Torea	Traballos manuais
Serres	Bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Muros	Arte floral, bordado, costura e encaixe de bolillos
	Gravado e pintura (dirixida a nenas/os, mozas/os e persoas adultas)
	Teatro
	Traballos manuais
	Cociña
	Baile de salón
Louro	Bordado e traballos manuais
Trasdacosta	Bordado

1.2. Se existise unha alta demanda para participar nun obradoiro non incluído na relación inicial, valorarase a posibilidade de organizalo na parroquia onde se concentre o maior número de solicitudes.

1.3. As idades esixidas para participar nas actividades son:

A. Obradoiros culturais dirixidos a nenas/os:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	Do 2019 ao 2015 (ambos incluídos)
Pintura	Do 2019 ao 2015 (ambos incluídos)

Os obradoiros culturais de teatro e pintura dirixidos a nenos e nenas poderanse axustar ás idades de corte en función da demanda existente, sempre dentro dos anos establecidos para participar, que van desde 2019 ata 2015. Este axuste permitirá garantir a formación de grupos equilibrados e unha mellor experiencia para as/os nenas/os participantes.



CONCELLO DE MUROS

B. Obradoiros culturais dirixidos a mozas/os e persoas adultas:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	2014 ou anteriores
Pintura	2014 ou anteriores
Traballos manuais, gravado	2014 ou anteriores
Arte floral, bordado, cociña, costura e encaixe de bolillos	2012 ou anteriores

2. Prazos

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 9 de setembro ata as 14.00 h do 19 de setembro de 2026
Publicación dos horarios	23 de setembro de 2026
Matrícula	Do 24 ao 30 de setembro de 2026 (ambos incluídos)
Inicio das actividades	19 de outubro de 2026

3. Preinscrición: Do 9 de setembro ata as 14.00 h do 19 de setembro de 2026

3.1. Ábrese o prazo de preinscrición do 9 de setembro ata as 14:00 h do 19 de setembro.

Esta preinscrición é persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas da Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros ou cubrindo o seguinte formulario:

- Formulario de inscrición

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

3.3. Só se formarán grupos que acaden un mínimo de 10 persoas inscritas. Non obstante, poderase valorar a constitución de grupos cun número inferior de participantes naquelas parroquias con menor poboación, co fin de favorecer o acceso á actividade en todo o termo municipal e garantir a igualdade de oportunidades.

3.4. As persoas inscritas en actividades que non formen grupo por non alcanzar o número mínimo poderán optar por outro grupo ou actividade.

3.5. Os obradoiros culturais que se constitúan, así como os seus horarios, publicaranse o 23 de setembro de 2026.

* *Excepción para o "Obradoiro de cociña"*: durante a preinscrición, as persoas solicitantes deberán indicar a súa preferencia para acudir ao obradoiro en quenda de mañá ou de tarde. Na medida do posible respectaranse estas preferencias, aínda que se favorecerá sempre o equilibrio no número de participantes por grupos.



CONCELLO DE MUROS

*** Excepción para o “Obradoiro de teatro infantil e teatro para mozas/os e persoas adultas” : na solicitude de inscrición deberá indicarse o día de preferencia entre os ofertados. Terase en conta esta elección, aínda que a asignación definitiva dependerá da organización da actividade e da dispoñibilidade do profesorado.*

4. Matrícula: Do 24 ao 30 de setembro de 2026 (ambos incluídos)

4.1. Para formalizar a matrícula, as persoas inscritas deberán consultar a constitución dos grupos e os seus horarios a través dos seguintes medios:

- Na páxina web do Concello de Muros: www.muros.gal
- No Centro Cultural e Xuvenil de Muros
- No 981 762 294

Unha vez confirmados os grupos e publicados os horarios, enviarase un correo electrónico co horario da actividade e co número de conta para realizar o pagamento da cota de 30,00 € por actividade e participante. O pagamento permitirá participar no obradoiro correspondente.

4.2. Unha vez formalizada a matrícula, a falta de asistencia ás clases non dará dereito á devolución da cota abonada nin á cesión da praza a outra persoa.

4.3. Unha vez iniciado o curso, non será posible cambiar dun obradoiro a outro, agás por causas debidamente xustificadas que motiven o cambio e que sexan valoradas favorablemente polo Concello de Muros.

5. Prazas vacantes: Do 26 ao 30 de outubro de 2026

5.1. Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 26 ao 30 de outubro de 2026 no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

6. Comezo das actividades

6.1. As actividades darán comezo a partir do luns 19 de outubro de 2026.

7. Outras condicións

7.1. No caso de que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles nalguna actividade, terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Muros.

7.2. As persoas participantes deberán respectar en todo momento as normas sanitarias, de seguridade, convivencia e civismo que resulten de aplicación durante o desenvolvemento das actividades.

7.3. Calquera situación non recollida nestas bases será estudada polo Concello de Muros e resolverase tendo en conta as circunstancias de cada caso.



CONCELLO DE MUROS

8. Tratamento de datos

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RXPd) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Muros coa finalidade de xestionar esta convocatoria. Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas cando sexa necesario para a súa tramitación e conservaranse durante o tempo legalmente establecido. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade mediante escrito dirixido ao Concello de Muros (Curro da Praza, 1, 15250 Muros) ou ao correo electrónico dpd@muros.gal. Máis información sobre a política de privacidade en www.muros.gal.